

# GALLÆCIA - III CONGRESSO INTERNACIONAL DE LINGÜÍSTICA HISTÓRICA

Homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina

Santiago de Compostela, 27-30 de xullo de 2015

## PRIMEIRA CIRCULAR

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2014

O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela anuncia a celebración de Gallæcia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica, que terá lugar entre os días 27 e 30 de xullo de 2015 en Santiago de Compostela e que estará dedicado a honrar os profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina.

O III CILH ocorre na secuencia de [Castilho – II CILH](#) (São Paulo 2012), en homenaxe ao profesor Ataliba T. de Castilho, e de [Rosae – I CILH](#) (Salvador 2009), que honrou a profesora Rosa Virgínia Mattos e Silva, de feliz memoria. Esta terceira edición está organizada conxuntamente pola Universidade Federal da Bahia (Instituto de Letras), pola Universidade de São Paulo (Área de pós-graduação em Filologia e Língua Portuguesa, Cátedra de Estudos Galegos – DLCV / FFLCH) e pola Universidade de Santiago de Compostela (Instituto da Lingua Galega).

Están convidados a participar neste congreso investigadores e investigadoras nos distintos ámbitos da lingüística portuguesa e galega, de maneira particular nos dominios da lingüística histórica e da historia da lingua, mais tamén doutras disciplinas como a ecdótica, codicología e paleografía, a onomástica, a sociolingüística, a dialectoloxía e xeolingüística, a lingüística aplicada, a adquisición e desenvolvemento da linguaxe, a psicolingüística, a fonética e fonoloxía, a morfoloxía, a sintaxe, a lexicoloxía, lexicografía e semántica, a lingüística textual, a análise do discurso, a pragmática e a lingüística computacional e de corpus.



## OS HOMENAXEADOS

O Congreso Internacional de Linguística Histórica, nesta súa terceira edición, rende homenaxe a dúas figuras senlleiras da lingüística galega, os profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina, catedráticos xubilados ambos da Universidade de Santiago de Compostela e fundadores do Instituto da Lingua Galega, onde seguen desenvolvendo a súa fecunda actividade investigadora como profesores *ad honorem*.

### Ramón Lorenzo

**Ramón Lorenzo Vázquez** (Eirapedriña – Ames, A Coruña, 1935) comezou os seus estudos universitarios en Santiago de Compostela e rematounos en Madrid, onde tamén se doutorou, en 1968, baixo a dirección de Dámaso Alonso. Alí formou parte do grupo literario Brais Pinto, con outros galegos que co tempo tamén se habían converter en destacados persoeiros da cultura galega. Posteriormente foi lector na universidade alemá de Köhln (1962-1968), onde tivo a oportunidade de traballar con Joseph M. Piel. Volveu para Santiago, cidade en que, despois dun breve período como Catedrático de Filoloxía Románica na Universidad de Valladolid, se asentou definitivamente en 1977, primeiro como Catedrático de Gramática Histórica da Lingua Española e, desde 1981, de Lingüística e Literatura Galegas. Desde 1999 é membro de número da **Real Academia Galega**, onde dirixe o Seminario de Onomástica. Despois da súa xubilación en 2004, e tras ser catedrático emérito, hoxe é investigador *ad honorem* da Minerva compostelá.

Ramón Lorenzo é, con certeza, a maior autoridade na lingua galega da Idade Media. É autor de obras monumentais e claves para o coñecemento da lingua e literatura medievais, modélicas como edicións de textos: a tradución galega da *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela* (1975-1977), a *Crónica Troiana* (1985) e os *Miragres de Santiago* (2004). Ademais, tamén son imprescindibles os seus estudos sobre o léxico: tanto o glosario que constitúe o segundo volume do devandito texto historiográfico cronístico, como a obra *Sobre cronología do vocabulario galego-português* (1968), que comezou sendo unha recensión do *Dicionário etimológico* de José Pedro Machado. No ámbito dos estudos medievais escribiu traballos fundamentais sobre a evolución lingüística e a edición de textos; tamén realizou estudos sobre toponimia e literatura, medieval ou moderna. Desde a década de 1970 contribuíu ao proceso de estandarización do galego, ámbito no que cabe salientar a súa participación na elaboración das **Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego** (1982 / 2003). Realizou traducións literarias do alemán, editou relevantes volumes académicos, organizou congresos internacionais (entre eles o XIX Congreso Internacional de Linguística e Filoloxía Románica) e dirixiu revistas académicas (como *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*) e literarias (como *Dorna*). Actualmente segue a traballar na edición de coleccións documentais medievais de mosteiros galegos. O profesor Lorenzo foi distinguido con algúns dos máis importantes premios de Galicia, en recoñecemento da súa obra, íntegra e intensamente dedicada á lingua galega.

## Antón Santamarina

**Antón Santamarina Fernández** (San Martín de Suarna – A Fonsagrada, Lugo, 1942) é un dos lingüistas máis importantes que deu Galicia e un dos especialistas máis recoñecidos, nos ámbitos nacional e internacional, da lingüística galega en moi diversas áreas, tales como a gramática sincrónica e diacrónica, a dialectoloxía, a lexicografía, a onomástica e a toponimia, a historiografía lingüística, a lingüística aplicada e a sociolingüística; sen esquecer o seu labor de recolección, estudo e edición do cancionero popular. A todas elas ofreceu contributos de grande relevancia, en moitos casos con carácter pioneiro ou aínda inaugural, e en todas elas exerceu un maxisterio indiscutible sobre as xeracións de filólogos galeguistas que o seguiron.

Graduouse en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago en 1967 e obtivo o doutoramento cunha tese sobre a súa fala natal do Val de Suarna. Desde o ano da súa graduación vén exercendo a docencia na área de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, onde obtivo a súa cátedra en 1983 e na que se xubilou en 2012. Na mesma Universidade, foi fundador do Instituto da Lingua Galega, no que se ocupou da secretaría deica 1991 e que dirixiu desde este ano ata 2005. Foi secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. Entre 1992 e 1997 foi Vicepresidente do Consello da Cultura Galega. En 1998 ingresou na **Real Academia Galega** onde codirixiu o *Dicionario da Lingua Galega*.

Coautor dos primeiros manuais de aprendizaxe do galego (*Galego 1, 2 e 3*, 1971-74), foi tamén o primeiro director da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (1974-86). Participou na elaboración das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, foi promotor e director do *Atlas Lingüístico Galego*, dirixiu o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega) e mais o *Dicionario de Dicionarios*, e desde 1986 dirixe o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*.

Cofundador da Lingüística Galega como disciplina académica, ademais de referente sobranceiro polo rigor, calidade e carácter innovador do seu traballo, Antón Santamarina é admirado pola súa xenerosidade, a súa entrega e o seu compromiso científico e persoal coa lingua e a cultura galegas.

## COMITÉ ORGANIZADOR

- Presidencia: Rosario Álvarez (Universidade de Santiago de Compostela)
- Secretaría: Ernesto González Seoane (Universidade de Santiago de Compostela)
- Secretaría adxunta: María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela), Valéria Gil Condé (Universidade de São Paulo), Tânia Lobo (Universidade Federal da Bahia)
- Secretaría técnica: Marta Negro Romero (Universidade de Santiago de Compostela)
- Coord. Brasil e Latinoamérica: Valéria Gil Condé (Universidade de São Paulo)
- Coord. Galicia: Eduardo Moscoso (Universidade de Santiago de Compostela)
- Coord. Portugal: João Veloso (Universidade do Porto)
- Coord. Internacional: João Dionísio (Universidade de Lisboa)

- Financiamento: Ana Boullón Agrelo (Universidade de Santiago de Compostela), Filomena Gonçalves (Universidade de Évora), Tânia Lobo (Universidade Federal da Bahia)
- Loxística: Eduardo Moscoso (Universidade de Santiago de Compostela)
- Relacións institucionais e comunicación: Henrique Monteagudo (Universidade de Santiago de Compostela), Aparecida Torres Morais (Universidade de São Paulo), Teresa Brocardo (Universidade Nova de Lisboa)
- Coordinación académica: Xavier Varela Barreiro (Universidade de Santiago de Compostela), Xoán Lagares Díaz (Universidade Federal Fluminense)

## COMITÉ CIENTÍFICO

Presidente de Honra: Ataliba Teixeira de Castilho

- Abdelhak Razky (Universidade Federal do Pará)
- Ana Maria Brito (Universidade do Porto)
- Ana Maria Martins (Universidade de Lisboa)
- Anabela Leal de Barros (Universidade do Minho)
- Carlos Alberto Faraco (Universidade Federal do Paraná)
- Carlos Assunção (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro)
- Carsten Sinner (Universität Leipzig)
- Clarinda de Azevedo Maia (Universidade de Coimbra)
- Dante Lucchesi (Universidade Federal da Bahia )
- Eva Gugenberger (Universität Leipzig)
- Francisco Dubert García (Universidade de Santiago de Compostela)
- Gabriel Rei-Doval (University of Wisconsin–Milwaukee)
- Gilvan Müller de Oliveira (Instituto Internacional da Língua Portuguesa)
- Gonzalo Navaza Blanco (Universidade de Vigo)
- Harvey Sharrer (University of California, Santa Barbara)
- Ivo Castro (Universidade de Lisboa)
- Johannes Kabatek (Universität Zürich)
- José del Valle (The City University of New York)
- Juan Uriagereka (University of Maryland)
- Jussara Abraçado (Universidade Federal Fluminense)
- Manuel Ferreiro Fernández (Universidade da Coruña)
- Maria Ana Ramos (Universität Zürich)
- Maria Antónia Mota (Universidade de Lisboa)
- Maria Célia Lima-Hernandes (Universidade de São Paulo)
- Maria Francisca Xavier (Universidade Nova de Lisboa)
- Mário Viaro (Universidade de São Paulo)
- Martin Becker (Universität zu Köln)
- Michael J. Ferreira (Georgetown University)
- Ramón Mariño Paz (Universidade de Santiago de Compostela)
- Sílvia Brandão (Universidade Federal do Rio de Janeiro)
- Telmo Verdelho (Universidade de Aveiro)
- Vanderci Aguilera (Universidade Estadual de Londrina)

## PROGRAMA

### Modalidades de participación

Prevense as seguintes modalidades de participación:

a) Comunicacóns libres

Consisten en presentacións orais de entre 15 e 20 minutos vinculadas a unha das liñas temáticas sinaladas ao comezo.

b) Comunicacóns coordinadas

Trátase dun conxunto de 3 ou 4 comunicacóns de entre 15 e 20 minutos cada unha, presentadas baixo a coordinación dun autor, en que se aborda o estudo dunha cuestión desde diferentes ángulos ou desde perspectivas metodolóxicas diversas. Como no caso das comunicacóns libres, as comunicacóns coordinadas deberán estar vinculadas a algunha das liñas temáticas sinaladas ao comezo.

c) Simposios

A súa estrutura é semellante á das comunicacóns coordinadas, coa única diferenza de que neste caso é a organización quen suxire o tema, nomea o coordinador e solicita colaboracións. A relación de simposios farase pública na segunda circular.

d) Pósters

Esta modalidade está especialmente indicada para a presentación de traballos en curso, como por exemplo traballos académicos de diferente tipo, incluídos os de iniciación á investigación, así como para a exposición de proxectos e iniciativas. As persoas interesadas en participar nesta modalidade poderán optar por presentar persoalmente o seu póster ou ben por envialo por medios telemáticos á organización, que se encargará de imprimilo e expoñelo. Neste último caso, os custos de impresión deberán ser asumidos polo autor. Na segunda circular incluíranse instrucións específicas acerca desta modalidade de participación.

## Estrutura xeral do programa

	LUNS 27	MARTES 28	MÉRCORES 29	XOVES 30
08:30-10:30		Minicursos	Minicursos	Minicursos
10:30-11:00		Intervalo-Pósters	Intervalo-Pósters	Intervalo-Pósters
11:00-12:30	Documentación e inauguración	Comunicacións e simposios	Comunicacións e simposios	Comunicacións e simposios
12:30-14:00	Conferencia inaugural	Conferencia plenaria	Conferencia plenaria	Conferencia de clausura
14:00-16:00	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar de clausura
16:00-17:30	Comunicacións e simposios	Comunicacións e simposios	Comunicacións e simposios	
17:30-18:00	Intervalo-Pósters	Intervalo-Pósters	Intervalo-Pósters	
18:00-19:30	Comunicacións e simposios	Comunicacións e simposios	Comunicacións e simposios	

## Conferencias plenarias

Pendientes aínda de confirmar os títulos, as conferencias plenarias correrán a cargo dos seguintes profesores:

- Conferencia inaugural
  - Henrique Monteagudo (Universidade de Santiago de Compostela)
- Conferencias plenarias
  - Ataliba Teixeira de Castilho (Universidade de São Paulo / Unicamp)
  - Johannes Kabatek (Universität Zürich)
- Conferencia de clausura
  - Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

## Minicursos

Dentro do calendario de sesións do congreso celebraranse diversos minicursos de seis horas de duración cada un (tres sesións de dúas horas). Neles desenvolveranse temas monográficos encargados expresamente pola organización. Terán matrícula independente do Congreso e darán dereito tamén a un diploma independente. Está previsto que todos os minicursos teñan lugar simultaneamente, polo que cada congresista poderá inscribirse só nun. Por outra banda, cada minicurso conta unicamente con 25 prazas, que se asignarán por rigorosa orde de inscrición.

A seguir indícanse os temas e responsables dos minicursos xa confirmados:

- Rosario Álvarez (USC): Galego e portugués. Caracterización contrastiva da lingua galega
- Dante Lucchesi (UFBA): Formación do portugués brasileiro
- Rita Marquilhas (UL): A escrita privada e o seu interese lingüístico
- Ana María Martins (UL): Variación sintáctica
- Fernando Ramallo (UVigo): Panorama sociolingüístico da Galicia actual
- Xulio Sousa (USC): Recursos dixitais para a xeografía e cartografía lingüísticas
- Mário Viaro (USP): Traxecto diacrónico da lingua portuguesa no Brasil

Os títulos e programas definitivos dos minicursos faranse públicos na segunda circular. Nese momento abrírase un prazo específico de inscrición e pagamento.

## Actas

A organización prevé unha edición dixital das actas do congreso. Os textos propostos polos seus autores para figurar nelas serán sometidos a un proceso de revisión por pares. En calquera caso, a organización poderá promover a publicación de volumes monográficos a partir dunha selección de textos, ou ben a súa inclusión en revistas especializadas.

## SUBMISIÓN DE PROPOSTAS E INSCRICIÓN

### Submisión de propostas

Co envío da primeira circular (xuño de 2014) ábrese o proceso para a submisión de propostas. As persoas interesadas en participar activamente no congreso deberán cubrir telematicamente o **formulario** dispoñible nesta mesma páxina web. As propostas de participación poden estar redactadas en galego, portugués, catalán, español, francés, italiano ou inglés.

Os proponentes deberán cubrir un formulario por cada unha das propostas que desexen presentar. No caso de comunicacións ou pósters con máis dun autor só será preciso cubrir un único formulario.

No caso das comunicacións coordinadas e os simposios, deberá cubrirse un formulario por cada unha das comunicacións. Ademais, o coordinador ou coordinadora deberá cubrir tamén un formulario para o conxunto da actividade.



O prazo para a recepción de propostas remata o 31 de marzo de 2015. Máis alá desa data só se aceptarán inscricións sen comunicación.

Todas as propostas serán sometidas á avaliación por parte do Comité Científico. Nun prazo non superior a seis semanas despois da data de recepción, os proponentes recibirán resposta sobre a aceptación ou rexeitamento das súas propostas.

### Inscrición

O período de inscrición queda aberto tamén co envío da primeira circular (xuño de 2014).

Cada un dos participantes asistentes ao congreso deberá cubrir telematicamente a **ficha de inscrición persoal** dispoñible nesta mesma páxina web. No caso de autores múltiples só teñen que inscribirse o autor ou autores que queiran figurar como congresistas e obter a correspondente certificación. Non se certificará a participación no congreso de persoas non inscritas.

A inscrición só será efectiva despois do aboamento das taxas correspondentes.

## PAGAMENTO

### Prezos de inscrición xeral

Todos os congresistas, calquera que sexa a súa modalidade de participación, deben pagar a cota xeral de inscrición. Ademais da tarifa íntegra, prevese unha tarifa reducida para estudantes universitarios e titulados en paro; uns e outros deben acreditar esta condición. Do mesmo xeito, establécense descontos nas taxas para os congresistas que formalicen o pagamento antes das datas indicadas na táboa seguinte.

	con comunicación		sen comunicación	
	Íntegra	Reducida	Íntegra	Reducida
Anticipado (ata o 31.12.2014)	110€	70€	70€	40€
Intermedio (do 01.01.2015 ao 31.03.2015)	130€	80€	80€	45€
Estándar (do 01.04.2015 ao 31.05.2015)	150€	90€	90€	50€



A partir do 31 de maio só se admitirán congresistas sen comunicación.

Os prezos non inclúen xantares de confraternización nin actividades culturais complementarias, que se anunciarán no seu día.

### Prezos suplementarios

#### a) Minicursos

Ademais da cota xeral de inscrición, os congresistas que desexen asistir a un minicurso deberán aboar un suplemento de acordo coa táboa seguinte:

Suplemento Minicursos	Prezo
Anticipado (ata o 31.12.2014)	20€
Intermedio (do 01.01.2015 ao 31.03.2015)	25€
Estándar (do 01.04.2015 ao 31.05.2015)	30€

#### b) Impresión e colocación de pósters

A organización do congreso ofrece aos inscritos na modalidade de póster un servizo para a súa impresión e instalación. Este servizo implica un suplemento con respecto á tarifa xeral de inscrición no congreso, de acordo coa seguinte táboa.

Suplemento Impresión e colocación de póster	Prezo
Único (ata o 15.06.2015)	50€

Na segunda circular inclúiranse instrucións específicas para a solicitude deste servizo, entrega dos arquivos correspondentes e aboamento dos custos.

### Medios de pagamento

As cotas de inscrición no congreso pódense aboar a través dos seguintes medios:

- a) Transferencia bancaria  
BANCO SANTANDER  
SWIFT CODE: BSCHEMXX  
IBAN: ES40 0049 2584 90 2214002210  
CONCEPTO: Inscrición III CILH – GALLAECIA

b) Cartón de crédito, por medio da aplicación telemática da USC que se encontra no seguinte enderezo:

[https://matricula.usc.es/autoliquidacions/Frm\\_Economica\\_Autoliquidaciones.asp](https://matricula.usc.es/autoliquidacions/Frm_Economica_Autoliquidaciones.asp)

Advirtase que no campo “concepto” debe seleccionarse a opción “Gallaecia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica”.

Con independencia do medio de pagamento, no documento debe quedar claramente identificado o nome da persoa que se inscribe.

Unha vez realizado o pagamento debe enviarse escaneada á secretaría do congreso (3cilh.gallaecia@gmail.com) unha copia do xustificante de pagamento. En caso de acollerse á matrícula reducida como estudante ou parado, deberá enviarse por este mesmo medio o documento acreditativo desta condición.

### **INFORMACIÓNS PRÁCTICAS**

Santiago de Compostela une á súa condición de cidade universitaria o feito de ser un importante centro turístico e cultural. Dispón, daquela, dunha ampla oferta hostaleira. Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela conta cun servizo de residencias universitarias de gran calidade e prezos reducidos. Na próxima circular ofreceranse informacións específicas sobre a oferta de aloxamento para os asistentes ao congreso.

### **CONTACTO**

Gallaecia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica  
Instituto da Lingua Galega  
Praza da Universidade 4  
15782 Santiago de Compostela  
[3cilh.gallaecia@gmail.com](mailto:3cilh.gallaecia@gmail.com)  
<http://ilg.usc.es/3cilh/>